

A Feira do Libro terá lugar do 21 ao 25

Cultura potencia este ano a lectura cunha revisión dos grandes

M.G.M. > A CORUÑA

■ A campaña de lectura incide este ano nos escritores que están de aniversario como unha oportunidade para revisalos de forma orixinal e cun acto central como o Día do Libro que levará as últimas novedades a Méndez Núñez, do 21 ao 25 de abril baixo o eslogan de "Eu libro".

Soarán gaitas na feira e haberá unha casete de atención primaria para curar todo tipo de males e alerxias ás historias que collen forma en celulosa. No Obelisco, haberá un maratón de lectura que pretendan chegar aos mil participantes e na rúa, distribuirase o libro "Cita coa ciencia".

As distintas asociacións da cidade traballarán para popularizar o xénero en actividades que van desde unha homenaxe a Uxío Novoneyra organizada pola Fundación Manuel María, que consistirá nun concerto de Uxía Senlle, o 15 de abril, sobre versos do poeta de O Courel. Rosalía estará moi presente no programa ao cumprirse 125 anos do seu pasamento. A

asociación Socio-Pedagóxica Galega convoca até o 16 de xuño o concurso "Curtas para Rosalía" e Casa Hamlet ofrecerá, o 22 de maio, o recital "Ao raso coas lebreis", no Rosalía, no mesmo escenario onde o 29 de abril, Follas Novas cantará a de Padrón.

No Fórum, pasarase a curtame-traxe "Herdanzas", feita polos alumnos da Escola de Imaxe e Son, sobre a obra de Blanco Amor. Será o 26 de abril.

O listado de nomes propios completarase cun tributo, na Casa das Ciencias, ao científico Isidro Parga Pondal, que consistirá nun traballo de divulgación protagonizado por galegos que comenzará o 3 de xuño.

Os libros estarán ao longo deste ano nas estacións de buses e de tren, disponíveis en condición de préstamos; beberán do ambiente dos mercados municipais coa repartición de volumes en outono e viaxarán a través de distintas "rutas do bacallau".

Serrat cantará a Miguel Hernández o 1 de maio e a poesía terá



A concelleira María Xosé Bravo e os distintos representantes dos colectivos presentaron o programa

QUINTANA

un espazo, o sábado 24 de abril, no Kiosco Alfonso. O Palacio Municipal acollerá a exposición "Cando A Coruña era moderna", que atende ao fervedoiro cultural que se deu nos oitenta na cidade.

A arte de encadernación terá presenza en novembro coa mostra "Ars ligatoria", na que se organizarán obradoiros para nenos de Primaria. Os marcápáginas sairán dos libros en agosto cunha exposición de ilustradores que ofrecerán até 89 separadores e as bibliotecas inspiraranse en Boticelli e nas serpes de Lugris, como o centro de

Los Rosales ou na literatura galega, como ten pensado o Fórum. A biblioteca do Consulado organizará visitas guiadas os segundos xoves de cada mes sobre as xoias da Ilustración que alí se gardan. No apartado artístico, Moret Art presentará, o 16 de abril, a reinterpretación do conto "Alicia no país das marabillas", a cargo de Miguel Piñeiro.

A concelleira de Cultura, María Xosé Bravo, falaba onte da importancia de facer un esforzo extra nunha cidade que está por riba da media en canto a bibliotecas pú-

blicas e número de socios, un total de 146.000, cunha circulación media 669.000 documentos e mil actividades complementarias relacionadas co hábito de ler. Elena Pernas, do centro Infantil e Xuvenil, sinalaba a importancia que tienen as escolas e as bibliotecas na divulgación dos libros: "A lectura está en todas partes, lemos para aprender, para estudar e para recibir unha carta; lemos en papel, na rede e no facebook". Por outra parte, a Concellería de Cultura encargarase de decorar os escaparates das librarías coruñesas.